

b) Descripción do obxecto: servizo consistente na implantación dun sistema de licitación electrónica para a Xunta de Galicia.

c) Boletín ou diario oficial e data de publicación do anuncio de licitación: *Diario Oficial de Galicia* do 13 de outubro de 2008.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto.

c) Forma: multicriterio.

4. Orzamento base de licitación. Importe total: cento sesenta e tres mil setecentos noventa e tres euros con dez céntimos (163.793,10 €) sen IVE (que será do 16%, correspondendo a este o importe de 26.206,90 €).

5. Adxudicación.

a) Data: 26 de decembro de 2008.

b) Contratista: *Altia Consultores, S.L.*

c) Nacionalidade: española.

d) Importe de adxudicación: cento doce mil cinco-centos euros (112.500 €) sen IVE (que será do 16%, correspondendo a este o importe de 18.000 €).

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2009.

Gonzalo Gómez Montaña

Director xeral do Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

Anuncio do 29 de decembro de 2008 polo que se somete a información pública e consultas o Proxecto sectorial da plataforma loxística, empresarial e portuaria de Ferrol e o seu informe de sustentabilidade ambiental.

Con data do 18 de decembro de 2008 foi declarada polo Consello da Xunta de Galicia a incidencia supramunicipal do Proxecto sectorial da plataforma loxística, empresarial e portuaria de Ferrol.

En cumprimento do disposto no artigo 25 da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, e no artigo 13 do Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal; na Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas

no ambiente; na Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, e tendo en conta o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 31 de xullo de 2008 sobre o inicio dos trámites para deixar sen efecto o Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de maio de 2004, sométese a información pública, para os efectos e durante os prazos que a seguir se precisan, a seguinte documentación:

-Proxecto sectorial da plataforma loxística, empresarial e portuaria de Ferrol e o seu informe de sustentabilidade ambiental: sométese a información pública e consultas polo prazo de dous meses contados a partir da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, para os efectos da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia; da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, e da Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente.

Durante os prazos referidos, calquera persoa poderá examinar a dita documentación, en horario de oficina, nas dependencias da Consellería de Vivenda e Solo, sitas no polígono das Fontiñas, Área Central, s/n, en Santiago de Compostela, e no Concello de Ferrol, e presentar ante esta consellería as alegacións, documentos e xustificacións que xulgue pertinentes.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2008.

Daniel Pino Vicente
Director xeral do Instituto Galego da Vivenda
e Solo

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 16 de decembro de 2008, da Xerencia de Atención Primaria da Coruña, pola que se anuncia a adxudicación do procedemento negociado NA-XPC1-08-004 derivado do expediente DT-ASF1-07-013.

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Xerencia de Atención Primaria da Coruña.

b) Dependencia que tramita o expediente: Unidade de Contratación Administrativa.

c) Número de expediente: NA-XPC1-08-004.

2. Obxecto do contrato.

a) Tipo de contrato: subministración.